

CADRO DE CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS, ADMINISTRATIVAS E ECONÓMICAS RELATIVAS A UN CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO.

EXPEDIENTE	ALUGUER, INSTALACION E DESMONTAXE DE CARPAS DE CARPAS PARA A VI FEIRA DE ANTIGÜIDADES E RESTAURACIÓN DA EURORREXIÓN – XXII FEIRA DE SAN LÁZARO.	TIPO DE CONTRATO: SUBMINISTRO (Art. 9 do TRLCSP)	Nº 621/2017
TRAMITACIÓN	ORDINARIA		
XUSTIFICACIÓN	Vista a necesidade do aluguer e instalación e desmontaxe de Carpas para a celebración da VI Feira de Antigüidades e Restauración da Eurorrexión – XXII Feira de San Lázaro, actividade desenvolvida no marco da candidatura presentada á primeira convocatoria do Programa INTERREG V A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 a celebrar os días 1 e 2 de Abril de 2.017		

De conformidade cos arts. 22.1, 109, 138.3, 143, etc., do TRLCSP (Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011), 73.2 do Real Decreto 1.098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, emítase o presente informe xustificativo da necesidade do contrato, características técnicas e importe calculado, das prestacións obxecto do contrato.

En función do custo da subministración, a mesma encádrase dentro dos contratos menores de subministro definidos no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o “Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público”.

PROCEDEMENTO PROPOSTO	Contrato menor
Xustificación: Importe inferior a 18.000 euros (Art. 138.3 do TRLCSP)	

ENTIDADES OU PROFESIONAIS CON CAPACIDADE SUFICIENTE QUE SE PROPÓN INVITAR(Apartado 21.C) das Bases de execución orzamentaria para 2017)
Proponse substituír a invitación pola publicación no perfil do contratante da páxina web do Concello de Sarria: http://sarria.es/index.php?option=com_content&view=article&id=81%3Acontratacion&catid=94%3Acontratacion&Itemid=67&lang=gl

OBXECTO

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 Lugo. Tfno. 982535000. Fax: 982530916

DEFINICIÓN	ALUGUER, INSTALACION E DESMONTAXE DE CARPAS PARA A VI FEIRA DE ANTIGÜIDADES E RESTAURACIÓN DA EURORREXIÓN – XXII FEIRA DE SAN LÁZARO.
NECESIDADES A SATISFACER	Baseadas na necesidade de dotar e instalar na zona onde se empraza a VI Feira de Antigüidades e Restauración da Eurorrexión – XXII Feira de San Lázaro, actividade desenvolvida no marco da candidatura presentada á primeira convocatoria do Programa INTERREG V A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.
CPV	39154100-7 Stands de exposición.

Xustificación da idoneidade do contrato:

O Concello de Sarria non ten a infraestrutura material necesaria para a instalación das carpas de xaimas necesarias para dota-la feira de ditos elementos, e por este motivo considérase necesario a contratación do seu aluguer.

O obxecto do contrato de referencia é totalmente viable, xa que logo non existe ningún impedimento técnico para a súa prestación.

PREZO

VALOR ESTIMADO	8.677,69 euros
IMPORTE MODIFICACIÓN PREVISTAS	Non se prevén modificacións
IVE	21% (1.822,31 euros)
TOTAL	10.500 euros
Xustificación do prezo: A tanto alzado	
Fíxase por prezos unitarios	NON
No seu caso, identificación destes	
PLURIANUAL	NON

CONDICIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN DO SERVIZO:

Constitúeo o aluguer das carpas necesarias para a celebración en Sarria da VI Feira de Antigüidades e Restauración da Eurorrexión – XXII Feira de San Lázaro, os días 1 e 2 de Abril do 2.017.

As condicións técnicas da oferta a presentar:

- 700 m2 en carpas de 10 ms. De ancho en estructura de aluminio anodizado plata mate de alta tenacidade.
- Texido de teito e laterais exteriores, en lona PVC, impermeable e ignífuga
- Peche de lagterais con ollais e corda.
- Tarima de madeira (rastel de 10 cm. E repasado de 19 mm.).
- Enmoquetado de Tarima- cor a elixir.
- Iluminación interior carpa e cadro eléctrico.
- Equipo de montaxe e desmontaxe das carpas e elementos auxiliares, e en caso de formular melloras, da/s jaima/s.

ESPECIFICACIÓNS RESPECTO DA PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

PRAZO PROPOSTO	A posta a disposición e instalación e correcta colocación terá lugar con data límite do 30 de marzo do 2.017.
<u>Xustificación:</u> Considérase un prazo máximo para poder realizar correctamente a difusión do evento con antelación a celebración deste.	

CONTIDO DA OFERTA A PRESENTAR	<p>A) Oferta económica referida ás condicións técnicas e as melloras ofertadas respecto aos criterios de adxudicación da prestación do servizo (Na oferta deberase desglosa-la cantidade correspondente ao IVE). En caso de que non aparecese expresamente desglosado, entenderase que a oferta se formula sen IVE, agás que se expresamente se faga consta-lo contrario.</p> <p>B) Declaración Responsable conforme ao <u>Anexo I á presente proposta</u></p>
PRAZO DE PRESENTACIÓN OFERTAS	Ata o día en que se fixe no perfil do contratante no momento da publicación do contrato e que non poderá ser inferior a CINCO (5) DIAS NATURAIS contados a partir do seguinte ao da súa publicación
LUGAR DE PRESENTACIÓN	<p>a) Rexistro Xeral do Concello de Sarria: Rúa Maior, 14, 1º andar 27.600 SARRIA. TFNO: 982-53.50.00. FAX: 982- 53.09.16 .</p> <p>b) Por correo certificado coas formalidades esixidas polo artigo 80.4 do Regulamento Xeal da Lei de Contratos</p>

Proposta a esixencia de GARANTÍA PROVISIONAL	NON
Caso afirmativo, contía proposta	
Caso afirmativo, xustificación da esixencia	

ESPECIFICACIÓNS RESPECTO DA ADXUDICACIÓN

Mesa de Contratación: Non é precisa
Clasificación Empresarial proposta: Non é esixible
Órgano encargado de valora-las ofertas: Alcaldía-Presidencia ou Concelleira/o en que delegue, Secretario Xeral e Interventora Xeral ou quen legalmente os substitúan.

Habilitación Empresarial:
Medios de ACREDITACIÓN DAS SOLVENCIAS ECONÓMICA E FINANCEIRA propostos: Non é preciso.
Medios de ACREDITACIÓN DAS SOLVENCIAS TÉCNICA E PROFESIONAL propostos: Non é preciso.

Proposta ADSCRICIÓN MÍNIMA DE MEDIOS	NON
No seu caso determinación:	
Titulación ou habilitación mínima esixible ao profesional ou persoa encargada da realización das tarefas inherentes ao servizo:	

Proponse a determinación previa de subcontratistas	NON
Caso afirmativo, Xustificación da determinación:	

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CUANTIFICABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR propostos:	NON
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CUANTIFICABLES AUTOMATICAMENTE MEDIANTE FORMULAS propostos:	<p>A) Melloras ofertadas. Valorarse ata 35 puntos a subministración de Jaima/as para a organización coas mesmas dotacións que as carpas:</p> <p>Valorarse coa maior puntuación a oferta que formule un maior nº de unidades e o resto valorarse proporcionalmente.</p> <p>B) Oferta económica, valorarse ata 65 puntos conforme a seguinte fórmula:</p> $65 * Om$ <p>Pi = -----</p>

	<p>O_i siendo ($i = 1, 2, \dots, n$) las ofertas de los licitadores, donde:</p> <p>P_i = Puntuación económica da oferta a valorar; O_m = Oferta máis económica respecto do tipo de licitación sen IVE (8.677,69 euros)</p> <p>O_i = Oferta económica a valorar.</p>
BÓRGANO DE ADXUDICACIÓN:	Alcaldía-Presidencia
DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA DO ADXUDICATARIO:	O adxudicatario do contrato, <u>no prazo de dez días hábiles</u> a computar dende a notificación da adxudicación deberá acreditar o Concello, a través das correspondentes certificacións administrativas a que se refire o artigo 15 do R. D. 1098/2001, do 12 de outubro, de se achar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica, Concello de Sarria e coa Seguridade Social.

EXECUCIÓN: ESPECIFICACIÓNS.

PRAZO DE EXECUCIÓN	
--------------------	--

RESPONSABLE DO CONTRATO	A Concelleira Delegada de Turismo, Educación e Emprego do Concello de Sarria
-------------------------	--

PROPOSTA DE PREVISIÓN DE SUPOSTOS DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO	NON
No seu caso, determinación:	
RECEPCIÓN DO SUBMINISTRO: Non procede pola súa natureza.	
PRAZO DE GARANTÍA: Non procede pola súa natureza.	

RÉXIME DE PAGOS	<p>a) O contratista ten dereito ó abono do prezo convido, unha vez entregados os bens obxecto do contrato e e formalmente recibos polo Concello.</p> <p>b) O prezo aboarase de conformidade co disposto polo art. 216 do TRLCSP en</p>
-----------------	--



relación coa disposición transitoria oitava do mesmo texto legal .

- c) O pago do prezo efectuarase previa presentación de factura no Rexistro Xeral que deberá ser conformada polo Delegado correspondente cos requisitos esixidos no artigo 72 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e Base 13^a das de execución do presuposto, debendo ser repercutido como partida independente o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) no documento que se presente ó cobro, sen que o importe global contratado experimente incremento ningún. As facturas, que deberán presentarse no prazo de trinta días (30) dende a data da acta de recepción ou conformidade, poderán presentarse en papel, no rexistro administrativo do órgano de contratación, ou electronicamente, no sistema de facturación electrónica do Concello de Sarria a través do portal do Punto Xeral de Entrada da Factura Electrónica da Administración Xeral do Estado (FACE) ao que se atopa adherido este Concello.
- d) Non obstante o anterior, a presentación electrónica de facturas será obrigatoria para as entidades relacionadas no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público (BOE nº311, do 28 de decembro) e no Regulamento municipal de uso da factura electrónica do Concello de Sarria.
- e) No suposto de que algún documento dos esixidos para efectúa-lo pagamento contivese algún erro ou omisión, e o contratista non tivese advertido no momento de prestar conformidade á recepción, expresamente e por escrito a existencia do mesmo, o prazo para esixe-lo interese de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese o expediente de pagamento, computándose polo tanto o inicio do prazo para esixe-lo interese legal dos cartos a partir da expedición da documentación emendada.
- f) De igual modo, se a factura contivese algún

	<p>erro ou omisión, o cómputo do prazo para esixe-lo interese de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura.</p>
DATOS DA FACTURA	<p>IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO: CONCELLO DE SARRIA CIF...P2705700I ÓRGANO: DECISORIO/XESTOR:ALCALDESA/PRESIDENTA IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE Código da oficina contable: Intervención-Contabilidade, LA0003531 Código do órgano xestor, Alcaldía-Presidencia, LA0003533 Código da unidade de tramitación, Intervención-Facturación, LA0003536 Unidad tramitadora: LA0004627 INTERVENCIÓN</p>
OUTRAS OBRIGAS DO ADXUDICATARIO	<p>a) e) Na prestación da subministración, o adxudicatario deberá someterse en todo momento ás instrucións, directrices e observacións que formule o órgano de contratación, podendo este designar un responsable do contrato que asumirá ditas atribucións. O adxudicatario deberá entregar o material obxecto da subministración de acordo coas características contratadas ou ofertados polo adxudicatario, e no seu caso atendendo ás instrucións que dende o Concello se poidan ditar.</p> <p>b) O adxudicatario responderá da calidade dos bens subministrados e das faltas que houber.</p> <p>c) Cando os bens non se atopen en estado de ser recibidos, farase constar así na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que remedie os defectos observados ou proceda a unha nova subministración, de conformidade co pactado e sen prexuízo da tramitación do expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato.</p> <p>d) O contratista estará obrigado a sufragar os gastos de entrega e transporte dos bens ata o lugar sinalado polo Concello, e no prazo convido.</p>

Proposta de ESPECIFICACIÓN DE PARÁMETROS PARA APRECIAR OFERTAS
CON PRESUNCIÓN DE VALORES DESPROPORCIONADOS OU ANORMAIS

No seu caso, presuposto mínimo
admisible que se propón (Art. 152.2 do
TRLCSF)

Non se propón

No seu caso, outros

A ALCALDESA-PRESIDENTA
En Sarria na data reflectida dixitalmente ao marxe

(Documento asinado dixitalmente)

ANEXO I

CONTRATO MENOR

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE:

D/D^a

Rúa/Praza

Nº

Poboación

CP

DNI

Expedido con data

En nome propio

En representación de

CIF

Rúa/Praza

Nº

Poboación

CP

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que a persoa física ou xurídica non se atopa incurso na prohibición de contratar á que se refire o artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e co Concello de Sarria e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente en

a de de

Asdo.: